

Series de afiliación á Seguridade Social na CNAE 09

NOTAS

Debido ao cambio na Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), da CNAE 93 á CNAE 09, o Ministerio de Trabajo e Inmigración facilitou ao IGE os coeficientes para estimar os datos de Afiliación á Seguridade Social anteriores a xaneiro de 2009 na nova CNAE.

Utilizando estes coeficientes o IGE obtivo as series de afiliación a nivel de división da CNAE 09 dende xaneiro de 2005. Os coeficientes necesarios para a estimación destas series obtivéronse a partir dos datos nun momento de tempo puntual (xaneiro de 2009), en cada momento de tempo os coeficientes serían similares pero non iguais, máis distintos a medida que nos separamos do momento onde se calcularon.

Para a obtención dos coeficientes o Ministerio utilizou o seguinte método:

- 1 Tráballouse co ficheiro de *Cuentas de cotización de la Seguridad Social* correspondente a xaneiro de 2009, no que se dispoñía de información de cada rexistro con dobre codificación para a variable da actividade económica (CNAE 93 e CNAE 09).
- 2 Para o cálculo dos coeficientes utilizouse a variable de traballadores de cada conta de cotización.
- 3 Para cada actividade a nivel de división (dous díxitos da CNAE) tívose en conta a orixe (CNAE 93) e o destino (CNAE 09) de cada conta de cotización. Para as transformacións utilizáronse as seguintes fórmulas:

$$Y_1 = a_{11}x_1 + \dots + a_{1m}x_m$$

$$Y_2 = a_{21}x_1 + \dots + a_{2m}x_m$$

...

$$Y_n = a_{n1}x_1 + \dots + a_{nm}x_m$$

Onde: Y é a variable a estimar de afiliacións a nivel de división na CNAE 09

x é a variable de afiliacións a nivel de división na CNAE 93

m indica as divisións da CNAE 93

n indica as divisións da CNAE 09

a_{ij} son os coeficientes obtidos coa información de xaneiro de 2009

4 O cálculo anterior realizouse para cada un dos seguintes réximes: xeral e da minería do carbón, especial de traballadores autónomos, especial do mar conta allea, especial do mar conta propia. O réxime especial agrario asignouse ao código 01 da CNAE 09 e o réxime especial de empregados do fogar ao código 97 da CNAE 09.

5 Os coeficientes calculáronse a nivel nacional e por comunidade autónoma.